

Un ilustre profesor

Castelao foi un dos ilustres profesores que tivo o **Instituto de Pontevedra**, onde coincidiu con famosos profesores como *Bibiano Fernández-Osorio Tafall*, *Ernesto Caballero e Filgueira Valverde*. Entrou no Instituto no ano 1916 e cando estaba no exilio en Bos Aires, lembrando os seus 20 anos pontevedreses, escribiu un dos máis fermosos textos sobre a nosa cidade:



Meu Pontevedra

Eu vivín longos anos de ledicia en Pontevedra, aferrado á fermosura dos seus arredores coma quen non pode desprenderse dos brazos mornos dunha noiva. Eu débolle a Pontevedra o mellor da miña vida, e agora padezo saudades da súa paisaxe, tristuras de non vela, e esperanzas de retornar a ela. Empezo a ser vello e a vivir de recordos. Algunhas veces acode á miña memoria un canto de requintada morriña:

*Vai tan lonxe a mocidade
Está tan perto o meu fin
Que ás veces sinto vontade
De poñer loito por min.*

Pero non é que eu enloite o meu espírito porque a mocidade fuxise de min. Eu apénome de non poder ir a Pontevedra, que unha fonte de eterna xuventude onde se curan os alifaces de vellez. Volver a Pontevedra sería o mesmo que recobrar a mocidade perdida. E así como Anteo revivía ao caer no chan, e só morreu por non poder tocar terra, así eu me libraría da vellez, con só pisar terra pontevedresa.

Penso que se morrese lonxe dela, os meus ósos non se deixarían consumir ata

No arquivo do centro conservamos o expediente de Castelao



En 1936 empieza a guerra civil e Castelao xa non volverá a Pontevedra. Aínda así, fáiselle un expediente de expulsión do corpo:

que algún anaquiño deles chegase a Pontevedra. Entón a miña alma cantaría este cantar :

*Xa morrín, xa me enterrei
E agora xa estou aquí
Nin a terra me comía
Sen despedirme de ti.*

Todo, todo pode acabarse en min, menos o amor que sinto por Pontevedra. Vivo ou morto alá irei, como se di que van os romeiros a San Andrés de Teixido, "que alá van de mortos se non van de vivos". Pero eu espero chegar vivo para curarme das inxurias do tempo. E no entanto, vou coa imaxinación...
Para ensoñar mundos de absoluta felicidade, libre da carne mortal que afoga a vida dos vellos, eu séntome á beira do río Lérez. Pouso os meus pensamentos na seda das súas augas, como as ponlas caídas das árbores que dan sombra. E estou alí horas e horas, ensumido en min mesmo.

E deste xeito participo da ledicia de San Amaro cando estivo trescentos anos axexando o Paraíso a través dun buratiño dunha porta. Ou como Don Ero, o fundador de Armenteira, que tamén estivo trescentos anos escoitando a un paxariño.

Para sentir o orgullo de ser fillo da terra máis fermosa do mundo. Eu rubo ao piñeirral de Matalobos, que está enriba da igrexa de Salcedo. Séntome nas pedras do valado e chanto os ollos na ría que dorme entre veigas e florestas. Asisto á transformación dun día de sol en noite de luar. Alí sinto como en ningures a necesidade cósmica da Patria, e sei que son un anaquiño da eternidade galega. ¡Meu Pontevedra !

(Buenos Aires, 1942)



Texto: A derradeira lección do mestre